

## SABÍAS QUE...?

A faceta de activista foi no Xestal a pedra angular da súa traxectoria, o peche dun círculo de acción transversal. Carlos Díaz participou activamente nas protestas de Baldaio por botar fóra da ría empresas de extracción de area. Ademais disto e do seu activismo a prol da lingua, o Xestal participa activamente na loita por levar a enerxía eléctrica ás aldeas de Oza e Lema, así como pola construción duns accesos por estrada axeitados.




Foto: Xurxo Lobato

## RUTA DO XESTAL

Artista polifacético



Asociación ambiental  
**Senda Nova**  
www.sendanova.org

Espazo da Natureza de Oza s/n  
Encrucilladas-Oza-Carballo

T 611 03 76 17

T 611 03 76 14

### Achegas:

Dario Barreiro, Casa Mato de Pardiñas,  
Carne Pereiro (SNL Concello de Carballo),  
Comisión organizadora ano do Xestal.

### Publicacións:

*Toponimia de Carballo* de Fernando Cabeza  
Quiles ed. Real Academia Galega

*Guía de Carballo* de Xan Fernández Carrera  
ed. Concello de Carballo

### Fotografías en branco e negro:

Xurxo Lobato

### Ruta deseñada por:

Jose Manuel Menéndez Varela



## RUTA DO XESTAL

*Andando por Bergantiños*



Asociación ambiental  
**Senda Nova**  
www.sendanova.org

## O XESTAL




Foto: Xurxo Lobato

**C**arlos Díaz Gestal (o Xestal) nace en 1933 na Coruña. Dende novo, na romaría de Santa Margarida de 1949, xa despunta como artista. Posteriormente participa en programas radiofónicos e en numerosos grupos musicais, dos que destacan os de música tradicional. A súa aposta musical non é única. Deste xeito defínese como contador de contos e actúa en multitude de festas e romarías.

A dignificación da lingua foi outra das facetas salientables do Xestal en tempos de maior estigmatización do uso do galego. Así, en 1964 recibe a Orde ao Mérito Turístico da man do daquela ministro Manuel Fraga Iribarne.

O Xestal percorre Galicia enteira nas súas actuacións e acaba gravando varios álbums que deixan pegada na sociedade galega dos anos 70 e 80. A Galicia de fóra tamén recibe visitas do Xestal, actúa por Europa e incluso América, onde visita lugares como Nova York.

Por causas do destino acaba vivindo en Bergantiños, a cabalo das parroquias de Lema e Oza. Primeiro faino en Pardiñas e logo no Seixo de Arriba. Aquí na súa terra adoptiva, o Xestal establécese como un persoeiro querido e popular, máis aínda dende a súa aparición no programa televisivo Luar. En 1993, Carlos Díaz morre na súa casa do Seixo antes de cumprir os 60 anos.



Foto: Xurxo Lobato

## PASO A PASO



### As Torres

O lugar As Torres é o núcleo antigo principal da parroquia de Oza. O topónimo fai referencia a varias construcións defensivas probablemente desfeitas nas revoltas irmandiñas. Posteriormente, no lugar asentouse unha casa señorial, que en 1914 era propiedade de Joaquina Losada y Torres. Segundo a información desta última, tanto a casa como a capela anexa atópanse nese momento en ruínas. Hoxe en día aínda podemos encontrar os restos da capela.

### Igrexa de San Breixo de Oza

É unha igrexa de características barrocas. A súa fachada corresponde a unha forma pentagonal, similar a outras construcións da zona do S. XVIII. Destaca o seu retablo principal e diversas figuras, como a de Santa Cristina, rescatada da capela situada no Monte Neme preto da fonte dedicada á mesma santa. Moi preto da igrexa sitúase un pombal e un peto de ánimas. Esta última construción é das poucas destas características e a única da zona con forma de capela. Sitúase nun cruce de camiños.

### Pardiñas

Segundo o investigador Fernando Cabeza Quiles, o topónimo tería que ver coas “paredes” ou parediñas; quen sabe se coas propias parediñas do castro situado a carón da aldea.

Hai que sinalar que nesta propia aldea, no interior do antigo recinto castrexo, situouse a fortaleza dos Pardiñas, importante familia que nace neste lugar a cabalo entre as parroquias de Razo e Lema. Posteriormente a familia fidalga constrúe o pazo de Cambrelle, seguindo o mesmo val dirección Razo. Esta familia acabaría emparentando cos Vilardefrancos. Xusto na confluencia das parroquias de Razo e Lema sitúase unha vivenda que ocupou o José Díaz Gestal, irmán de Carlos.

### Vivenda do Xestal no Seixo de Arriba

O Seixo de Arriba foi o lugar onde Carlos Díaz viviu, unha aldea tranquila dende onde conectaba coa costa e a ría de Baldaio e tamén coa parroquia de Oza, coa que tamén tiña un vínculo especial.

### Zona mineira do Petón do Caldeiro

Aínda que a extracción de volframio era a minaría máis importante na zona, asociados a este mineral tamén había outros que así mesmo se aproveitan nas mesmas zonas extractivas. Ademais, na historia recente de Carballo houbo minas específicas de titanio, un mineral que nesta zona se explotaba a través de sistemas de extracción máis superficiais. Despois da extracción de material, era necesario unha peneirado para a separación do titanio do entullo.

### Castrillón

O topónimo Castrillón fai referencia a un castro. Neste caso, na parte alta do enclave está referido un recinto castrexo visiblemente alterado, incluso no seu sistema defensivo perimetral, a causa da construción de vivendas no seu interior. Trátase neste caso dun recinto actualmente habitado. Dentro del tamén se atopa a capela de Santa Irene, transportada ata aquí dende a fonte do mesmo nome (a carón da lagoa) a mediados do S. XIX. Hoxe en día, a parte alta do castro é coñecida tamén polo miradoiro de Santa Irene, que é un dos miradoiros máis importantes da zona e que constitúe a mellor zona para contemplar o espazo natural de Razo-Baldaio.

